

NOTA DE PRENSA

Ribadumia estrea unha app de turismo para ensinar os seus tesouros

- Rutas Ribadumia, chega para ensinar os recunchos máis turísticos de Ribadumia dentro do programa O teu Xacobeo impulsado pola Xunta de Galicia.

Ribadumia, 10/11/2020.- O Concello de Ribadumia informa que a nova aplicación Rutas Ribadumia, ofrece unha nova canle de comunicación cos servizos turísticos do concello e unha nova forma de interacción cos sendeiros existentes no Concello. Esta app está financiada polo programa O teu Xacobeo da Xunta de Galicia.

A nova aplicación ofrece unha serie de novas funcionalidades, empezando por mostrar toda a información das vereas e pódese usar como GPS para facer as nosas rutas de sendeirismo, as primeiras sendas dispoñibles son o “Sendeiro do paseo fluvial do Umia” e a “Ruta da pedra e da auga”, pero a estas irán engadíndose outras, como a “Ruta do pan” que nos levará a través desta app a unha aventura e coñecemento da historia a través dos muíños.

Ademais disto, tamén incorpora unha novidosa opción de “procura do tesouro”, que esta pensada para que os mais pequenos poidan aprender mais sobre o seu concello mediante un pequeno xogo, onde se irán espallando pistas e cando se aproximen o punto indicado revelará a seguinte, e así ata chegar o final da búsqueda. Con isto se pretende concienciar e formar os mais cativos da riqueza paisaxística do concello.

Finalmente a aplicación tamén conta cun apartado de comunicación cos servizos turísticos do concello, cunha sección de novas, onde se irán publicando as ultimas novas sobre os diferentes roteiros e eventos de procura do tesouro, e tamén conta con notificacións para manter aos usuarios informados cos últimos avisos que se produzan nos vieiros.

A aplicación esta dispoñible baixo o nome “Rutas Ribadumia” na playStore de Google e nos vindeiros días estará dispoñible na app store de iOs, cubrindo así practicamente a totalidade dos móbiles existentes.

O uso deste tipo de ferramentas estase convertendo en imprescindible hoxe en día, e dende o concello se fomentan estas iniciativas innovadoras, que traten de mellorar a visibilidade do concello e ademais nos permite introducir un compoñente didáctico a hora de coñecer o noso municipio.

Un saúdo.

Departamento Comunicación Concello de Ribadumia
comunicacion@ribadumia.org